

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE AGOSTO DE 2021.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, o día vinte e cinco de agosto de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa en funcións, D<sup>a</sup>. MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e a Interventora Xeral en funcións, dona María Baza Poudereux, as cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Aprobouse a primeira prórroga do contrato para o servizo de mantemento, conservación e reparación de edificios municipais do Concello de Lugo. Expdte Ref. 2020/C003/000016. Primeira prórroga que vai dende o 14-09-2021 ata o 13-09-2022 e tamén se aprobou a primeira prórroga do contrato para a subministración de produtos químicos para mantemento da auga das piscinas municipais. Expdte Ref: 2020/C004/000005, que vai dende o día 16-10-2021 ata 15-10-2022.

Aprobouse a contratación do servizo de mantemento técnico e dos contidos do Portal Municipal do Concello de Lugo (Expte. Tecol 2020/C003/000058). Segunda prórroga que vai dende o 19-08-2021 ata o 18-08-2022.

Aprobouse a contratación da subministración de papel para fotocopiadoras e impresoras aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado. Apertura do procedemento de contratación. Expte. Ref. 2021-C004-000027.

Aprobouse a contratación da obra de edificio de equipamento de estándar baixo enerxético; impulso verde do proxecto LIFE14 CCA/ES/000489 Lugo+biodinámico. Planificación dun barrio multi-ecolóxico como modelo de resiliencia urbana; cofinanciado pola Unión Europea mediante o instrumento financeiro LIFE 2014-2020. Expte. Ref.: 2020-C002-000015. Modificación do contrato administrativo.

Aprobouse a contratación dun servizo de xestión catastral. Expte. Ref. 2021/C003/000018. Adxudicación.

Aprobouse a prórroga do contrato de prestación de servizo de cociña, comedor e lavandería para as escolas infantís municipais "Serra de Outes" (Lote 1) Expte. Ref. 2020-C003-000006.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/cal

Refª: ispac2755048712484496355.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-8-2021

**2. PERSOAL.-** Aprobouse a adxudicación parcial do concurso de Xefes de Sección e Adxuntos Xefes de Servizo.

### ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

**3. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Aprobáronse as seguintes licenzas: para construción dun almacén agrícola para garda de aperos e útiles agrícolas, para mantemento da parcela e dun horto existente nesta para autoconsumo, nunha parcela sita en As Tabernas, Piúgos. (Expte: 209/2016); para división e redistribución dun local de planta baixa e entresollado consistentes na demolición dunha escaleira, rotura de forxado e posterior execución doutra escaleira, resultando tres locais, na edificación sita na rúa Ourense, número 35 (Expte 2021/Y001/000222) e para rehabilitación de dúas vivendas 1ºD e 2ºD, para formar un dúplex, sito na Ronda Xosé Castiñeira, número 32, quedando o bloque 4 composto por planta sótano, planta baixa para uso comercial e 7 plantas altas e baixocubierta para 27 vivendas. (Expte: 2021/Y001/000201).

### ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

**4. CULTURA.-** Aprobáronse os convenios reguladores de subvencións de carácter nominativo a: Círculo das Artes, para a “Celebración de actos culturais no Salón Rexio”; Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega para a celebración da actividade: “Gala dos premios mestras e mestres da memoria 2021”; Fundación Feiras e Exposicións de Lugo, para a celebración da vixésima terceira edición de “Xuvenilugo 2021”; Asociación de Amigos do Jazz “Escobijazz”, para a celebración da actividade: “Concertos no XXXI Festival de Jazz de Lugo”; Sociedad Filarmónica de Lugo, para a celebración da actividade: “Concertos na tempada 2021” e á Fundación Manuel María de Estudos Galegos, para a realización da actividade: “Actividades de dinamización cultural para a infancia e a mocidade”.

### ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

**5. DESENVOLVEMENTO LOCAL.-** Resolveuse favorablemente o recurso de reposición interposto contra o Decreto 4715/2021, do 3 de xuño de 2021, polo que se publicaba a listaxe das solicitudes estimadas e desestimadas das axudas de reactivación da actividade económica no termo municipal de Lugo, para paliar os efectos da Covid-19-2º Plan de Reactivación Económica.

*Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez*